



INT/2018/40-1

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O EXERCICIO 2018.

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ, en calidade de Interventora municipal, unha vez elaborado o Proxecto do Orzamento deste Concello para o exercicio do 2018, e en cumprimento do preceptuado nos artigos 168.1 c) do R.D.L. 2/2004 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 18.1,e) do Real Decreto 500/90, do 20 de Abril, que regula a necesidade de acompañar ó ORZAMENTO un Informe económico-financieiro no que se expoña:

- α) As bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas,
- β) Suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos,
- χ) e, en consecuencia, a efectiva nivelación do ORZAMENTO.

emite o presente **INFORME**:

**1.-PROXECTO DE ORZAMENTO EXERCICIO 2018**

O presente proxecto de ORZAMENTO Municipal, de data 05 de marzo de 2018, inclúe o ORZAMENTO do Concello e o do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, recollendo uns estados de gastos e de ingresos nivelados en función da estrutura que establece a Orde HAP/419/2014, de 4 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/6565/2008, de 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais segundo o seguinte detalle:

RESUMO XERAL_ ORZAMENTO CONSOLIDADO / 2018						
ORZAMENTO ECONÓMICO DE GASTOS						
CAP	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A.A.	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		CI	CI	CI		
	<b>A)OPERACION CORRENTES</b>	<b>23.978.750,02</b>	<b>1.116.895,00</b>	<b>25.095.645,02</b>	<b>1.052.000,00</b>	<b>24.043.645,02</b>
1	Gastos de persoal	10.361.666,19	494.500,00	10.856.166,19	0,00	10.856.166,19
2	Gastos bens correntes	10.572.427,90	502.345,00	11.074.772,90	0,00	11.074.772,90
3	Gastos financeiros	82.000,00	50,00	82.050,00	0,00	82.050,00
4	Transferencias correntes	2.843.766,63	120.000,00	2.963.766,63	1.052.000,00	1.911.766,63
5	Fondo continxencia	118.889,30	0,00	118.889,30	0,00	118.889,30
	<b>B)OPERACIONES DE CAPITAL</b>	<b>1.478.500,00</b>	<b>30.000,00</b>	<b>1.508.500,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1.508.500,00</b>
6	Inversións reais	1.350.000,00	30.000,00	1.380.000,00	0	1.380.000,00
7	Transferencias de capital	128.500,00	0,00	128.500,00	0	128.500,00
	<b>C)OPERACIONES FINANCIERAS</b>	<b>1.883.428,08</b>	<b>0,00</b>	<b>1.883.428,08</b>	<b>0,00</b>	<b>1.883.428,08</b>
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0,00	150.000,00
9	Pasivos financeiros	1.733.428,08	0,00	1.733.428,08	0,00	1.733.428,08
	<b>TOTAL</b>	<b>27.340.678,10</b>	<b>1.146.895,00</b>	<b>28.487.573,10</b>	<b>1.052.000,00</b>	<b>27.435.573,10</b>



ORZAMENTO ECONÓMICO DE INGRESOS						
CAP	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A.A.	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		PI	PI	PI		
	<b>A) OPERACION CORRENTES</b>	<b>26.060.678,10</b>	<b>1.146.895,00</b>	<b>27.207.573,10</b>	<b>1.052.000,00</b>	<b>26.155.573,10</b>
1	Impostos directos	10.052.156,96	0,00	10.052.156,96	0,00	10.052.156,96
2	Impostos indirectos	374.507,36	0,00	374.507,36	0,00	374.507,36
3	Taxas, Prezos Públicos e outros ingresos.	5.946.938,32	62.010,00	6.008.948,32	0,00	6.008.948,32
4	Transferencias correntes	9.684.658,11	1.073.000,00	10.757.658,11	1.052.000,00	9.705.658,11
5	Ingresos patrimoniais	2.417,35	11.885,00	14.302,35	0,00	14.302,35
	<b>B) OPERACIONES DE CAPITAL</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
6	Alleamento de inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>C) OPERACIONES FINANCIERAS</b>	<b>1.280.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1.280.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1.280.000,00</b>
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0,00	150.000,00
9	Pasivos financeiros	1.130.000,00	0,00	1.130.000,00	0,00	1.130.000,00
	<b>TOTAL</b>	<b>27.340.678,10</b>	<b>1.146.895,00</b>	<b>28.487.573,10</b>	<b>1.052.000,00</b>	<b>27.435.573,10</b>

Amósase o detalle o Orzamento Consolidado, en cumprimento do preceptuado no artigo 166.1. do TRLRFL, que obriga á presentación da consolidación do Orzamento Xeral da Entidade co dos seus Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís.

Con este Estado de consolidación, confeccionado segundo o establecido nos artigos 115 a 118 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, se trata de armonizar nun Orzamento único, tódolos orzamentos que integran o Orzamento Xeral, coa finalidade de proporcionar unha visión de conxunto da actividade económica prevista pola Entidade Local.

O Proxecto do ORZAMENTO da Fundación de Deportes xa ven acompañado polo correspondente informe económico-financieiro e de estabilidade nos termos do artigo 3.3 da LOEASF 2/2012, de 27 de abril, procedéndose a continuación a analizar o contido do Proxecto do ORZAMENTO do Concello para o exercicio 2018:

## 2.-ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

Para a confección do Orzamento 2018 aplicouse a estrutura aprobada pola Orde HAP/419/2014, de 4 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/6565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

En consonancia coa finalidade perseguida por dita estrutura orzamentaria que non é outra que a imbricación na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a cal esixe que se dispoña dunha información presupostaria máis detallada e con unha mellor e máis exacta correspondencia cos servizos que quedaron definidos na Lei reguladora de las Bases de Réxime Local trala súa modificación,



Se continúa así na liña de definir os programas, e en xeral as aplicacións orzamentarias, de xeito máis axustado ao disposto na Lei de Bases 7/85 para que se dispoña dunha información real acerca do gasto en cada un dos servizos previstos nos artigos 25 e 26 de dita Lei, así como en materia de retribucións do persoal ao servizo das administracións públicas, ambas materias de especial relevancia pois son obxecto de informe anual específico a través do ISPA e do Informe do Custe efectivo de servizos públicos.

O orzamento presenta as súas aplicacións coa clasificación por programas e coa clasificación económica; a clasificación por programas preséntase a nivel de grupos de programa (3 díxitos), e programas (4 díxitos), e a económica a nivel de concepto, subconcepto ou partida (3, 4, 5 e 7 díxitos respectivamente), en función das necesidades de maior o menor concreción da natureza económica do gasto e respectando en todo caso o nivel no que a clasificación pasa a ter a consideración de “aberta” en base ás necesidades de desglose que a execución orzamentaria presente atendendo ás peculiaridades da Entidade.

Finalmente no Estado de gastos non se emprega a clasificación orgánica, de natureza potestativa na citada norma.

### 3.-INGRESOS:

A cuantificación destes recursos realizouse en base á información facilitada polo departamentos de Rendas e Tesourería, os informes facilitados polos diferentes Servizos municipais sobre as previsións de transferencias finalistas, o avance da liquidación do exercicio 2017, liquidación 2016, así como información facilitada polo equipo de goberno sobre medidas a adoptar no 2018, as cales explicaranse no capítulo correspondente, e das que se deu traslado a este Departamento para a toma en consideración na confección do presente Orzamento.

#### **Capítulo I Impostos Directos. (10.052.156,96 €)**

Neste capítulo recóllense os recursos procedentes dos impostos máis importantes que se xeran no municipio. Comprende o Imposto de Bens Inmóbiles, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, incrementábase en cómputo global nun **4,11% representando un 36,77% do tal do Estado de ingresos.**

Para elaborar as previsións dos capítulos I a III do estado de ingresos tivéronse en conta os dereitos recoñecidos no exercicio 2017. Non obstante, no caso dos tributos exaccionados a través de padrón consideráronse os importes dos padróns do 2017 coas modificacións contempladas nos expedientes de Ordenanzas Fiscais para o 2018 aprobados inicialmente.

O capítulo 1 experimentan un incremento de **396.888,95€** pese a modificación á baixa do tipo do IBI urbana ao **0,53%**, debido á subida derivada da propia ponencia de valores e a propia evolución dos impostos que permite paliar dita minoración impositiva.

O principal responsable da subida é o concepto relativo á Inspección de IAE, (13002), que por primeira vez é dotado de previsións iniciais debido á adxudicación do contrato con dito obxecto no exercicio 2017 e polo que se estima obter novos ingresos, incrementándose en 300.000,00€; sen embargo non se prevén ingresos en materia de inspección fiscal en materia de plusvalías (11601),



debido a que a inspección en dita materia tributaria atópase suspensa ata a nova redacción dos artigos da Lei de Facendas Locais declarados inconstitucionais que lle afecta directamente, de aí que non se atope engadido dito tributo na programación de inspección e polo tanto non se consignent previsións iniciais.

Pola súa parte, as previsións para o Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana e sofre unha destacada minoración de case o **50%** respecto o 2017, polos motivos expostos no parágrafo anterior; en efecto, o tributo non está sendo obxecto de liquidación ao ser declarado inconstitucional o precepto que o regula e derivar en impugnacións polos contribuíntes as liquidacións practicadas.

Finalmente, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica increméntase nun **2,11%**.

### **Capítulo II Impostos Indirectos. (374.507,36€).**

Este capítulo baseado exclusivamente no ICIO redúcese globalmente nun **2,37%**, tomando como referencia as previsións da Tesoureira en base os DRN a decembro de 2017 así como criterios de prudencia xa que debemos seguir sendo conscientes de que o importe dos DRN neste concepto sempre responderá parcialmente a expedientes concretos con incidencia puntual no exercicio tomado como referencia que en modo algún poden pasar a adquirir a natureza de estruturais, e non a unha mellora na actividade económica que permita considerar como estrutural o 100% do incremento, de feito no exercicio 2017 o concepto 29000 presentou un déficit de execución de -125.199,13€, pero as previsións para 2018 non foron minoradas estritamente en dita contía, se non que en base ás previsións da Tesourería municipal sofren só unha minoración do 23,22%.

En base ao mesmo criterio seguido en materia de inspección de IAE, se dota inicialmente previsións de ingresos por inspección de ICIO (29001), por importe de 80.000,00€, o que permite compensar o descenso da recadación por ICIO.

O principio de realismo que debe dirixir as previsións nun proxecto de orzamento e o carácter altamente incerto dos conceptos de ingreso do capítulo 2 así como a súa natureza vinculada estreitamente á actividade económica impón unha estimación prudente e restritiva dos mesmos, e calquera desviación relevante apreciada para estes conceptos de ingresos nos informes de seguimento de execución do orzamento deberá dar lugar ás medidas correctivas que sexan precisas en aras da estabilidade orzamentaria declarando plenariamente non dispoñibles aqueles créditos que se estimen reducibles sen causar perturbación no desenvolvemento dos servizos.

### **Capítulo III Taxas e outros ingresos.(5.946.938,32 €)**

Tal e como se establece na Memoria da alcaldía para este exercicio 2018, non se acometeu ningún incremento pero si acometéronse actualizacións das taxas e prezos públicos municipais consistentes en novas bonificacións, actualización de IPC...etc, polo que este



capítulo orzamentouse en base ao informe da Tesoureira municipal obrante no expediente que ten en conta ditas medidas.

Concretamente para o caso das taxa vinculadas aos principais servizos básicos, taxa por abastecemento de auga e sumidoiros mantéñense practicamente igual que para o 2017, agás o concepto de recollida do lixo, (30200), que increméntase nun **2,26%**.

Outros conceptos que experimentan subidas destacadas son Licenzas de apertura, Comercio e Industria e Inspección por licencias urbanísticas, (32101), que polo mesmo motivo explicado para Inspección de IAE e Inspección de ICIO, por primeira vez é dotado con PI por importe de 20.000,00€.

Os conceptos que experimentan as baixadas máis destacadas son os vinculados ao servizo de tramitacións de licenzas urbanísticas, (32100), Compensación Telefónica, (33800), Taxa ocupación subsolo, (33905), o prezo público por actividades culturais, deportivas e de ocio, (34400), así como xuros de demora (39300), e outros ingresos indeterminados (39900).

Pese a elo, este capítulo experimentan un lixeiro aumento do **1,10%**, aumentando en **64.594,87€**.

Todas as previsións no Capítulo 3 de Ingresos se adecúan á información remitida polo departamento de Tesourería, agás no concepto 34100 referido ao prezo público polo servizo de axuda a domicilio (SAF) no que se tomou como referencia o informe remito polo servizo; Nembargante, de non recadarse a contía que se prevé inicialmente o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais podería verse afectado.

#### **Capítulo IV Transferencias Correntes.(9.684.658,11 €)**

As aplicacións orzamentarias máis importantes son as que corresponden á participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, así como as transferencias correntes desta última destinados a determinados servizos.

A Participación nos Impostos do Estado (PIE), sofre unha mínima minoración respecto ao 2017 do 0,07%€ ascendendo para o 2018 a **7.362.831,24€**, tomando como referencia a execución de 2018 xa que ata a data non se ten información actualizada das Previsións para o 2018 ao non estar aprobados os orzamentos xerais do Estado 2018.

Como cada exercicio económico a contía da PIE minórase polo importe das cotas das liquidacións negativas das PIE 2008 e 2009.

Establécese con carácter definitivo, a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, denominada Fondo de Cooperación Local, estimando para este exercicio a mesma cantidade que para o 2017, **1.163.803,20 euros**, en base a derradeira comunicación recibida da Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda, de 31 de decembro de 2017.



En canto ás subvencións por transferencias correntes estimáronse en base aos últimos compromisos de ingreso, a información facilitada polos diferentes servizos afectados, resolucións de concesión ou ingreso das mesmas nas arcas municipais, e no seu defecto, tomouse como referencia o importe concedido no exercicio anterior, tales como subvencións para sostemento do servizo de Drogodependencia, Servizos Sociais de Base (Plan Concertado), Servizo de Axuda no fogar, Dependencia, Escola Infantil, ADL, Conservatorio, Escola de Música, Aula Cemit.....etc.

O impacto do incremento das subvencións finalistas concedidas case de xeito estrutural para os diferentes servizos municipais indicados, se traduce nun incremento global do capítulo nun **1,05%**.

#### **Capítulo V Ingresos Patrimoniais. (2.417,35€).**

Se consignan as previsións de ingresos por xuros das contas correntes operativas do Concello e por cánones de explotación de bens de titularidade municipal.

Non se contemplan ingresos procedentes de convenios urbanísticos.

#### **Capítulo VI Alleación de inversións reais. (0,00 €)**

Non se contempla no presente ORZAMENTO.

#### **Capítulo VII Transferencias de capital.(0,00 €).**

As transferencias de capital trátanse de recursos afectados que financian obras incluídas no Anexo de Inversións do ORZAMENTO e, neste exercicio a diferenza dos anteriores non se consigna a subvención da Xunta de Galicia para o financiamento do Plan Xeral de Ordenación Municipal correspondente á anualidade do 2018, xa que ante a resolución do contrato aprobada no exercicio 2017, polo equipo de goberno non se someteu a aprobación plenaria o derradeiro reaxuste de anualidades remitido pola Consellería en vistas a acometer novas licitacións con novos esquemas de financiamento.

#### **Capítulo VIII Activos Financeiros.(150.000,00 €)**

Recolle os ingresos procedentes dos reintegros de préstamos a conceder ó persoal do Concello pola contía habitual de 150.000,00€.





## **Capítulo IX Pasivos Financeiros. (1.130.000,00 €)**

Se prevé a concertación dunha operación de crédito afectado o seu Anexo de Investimentos por importe de 1.130.000,00€ ao non atoparse afectado polas limitacións impostas nesta materia polo TRLRFL 2/2004, pola DF 31ª da Lei 27/2012 de Orzamentos Xerais do Estado 2013, artigo 13 da LO 20/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Remítome ao apartado específico do presente informe no que se analiza o réxime de endebedamento así como as “ratios” expostas.

### **4.-GASTOS**

**Con carácter previo á análise pormenorizada de cada un dos capítulos debe facerse mención á situación de prórroga na que novamente se atopa a Lei de Orzamentos Xerais do Estado e ás particularidades que dita prórroga teñen no escenario da facenda local.**

Tal e como veu a aclarar o propio Ministerio de Facenda, “*De acuerdo con el artículo 134.4 de la CE y 38 de la LGP, si la Ley de PGE no se aprobara antes del primer día del ejercicio económico correspondiente se considerarán automáticamente prorrogados los presupuestos iniciales del ejercicio anterior hasta la aprobación y publicación de los nuevos en el BOE.*”; É dicir, a prórroga afecta aos créditos pero non ás normas da LPGE que teñan vixencia anual, calquera que sexa o capítulo sobre o que versen, como sucede por exemplo coas normas que establecen os incrementos retributivos, e polo tanto con carácter xeral ditas normas esgotan a súa vixencia no exercicio 2017.

Feita esta aclaración que sobre todo ten repercusións no capítulo I, procederemos á análise do estado de Gastos para o 2018.

### **Capítulo I Gastos de Persoal. (10.361.666,19 €)**

Confeccionado en base aos datos remitidos polo Departamento de RR.HH e en base as instrucións de Alcaldía, recóllense as dotacións para atender o pago pola prestación de servizos por parte dos empregados municipais, así como as cotas á seguridade social, gastos de formación, asignacións ós membros da Corporación, e gastos do persoal non estrutural, incrementando algunhas das dotacións correspondente ás achegas municipais a planes de emprego e contratacións temporais tomando como referencia o gasto realizado en ditos conceptos no 2017.

Mantense a mesma dotación para nomeamentos interinos con cargo a bolsa.

Polos motivos expostos no inicio deste apartado, o proxecto de orzamento para o exercicio 2018 si recolle o incremento previsto no artigo 22 da Lei 3/2017 de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, que regulaba un incremento do 1% nas retribucións do persoal do Sector público aplicable nese exercicio, e que no proxecto de orzamento para o 2017 non se tiña dotado inicialmente, pero non reproduce dito incremento para o 2018, de xeito que estarase a esperas do que recolla a nova Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2018 e no caso de permitir un novo incremento este será afrontado mediante expediente de modificación orzamentaria con cargo o Fondo de Continxencia, non computando así en tanto a efectos de gasto computable.



Do mesmo xeito, no referente o aumento da taxa de reposición de efectivos nos sectores/administracións declarados prioritarios, ao regularse na normativa presupostaria estatal con vixencia anual, tampouco se poderá prever un aumento ao respecto.

Finalmente, na proposta de Alcaldía anexa ao cadro de persoal recóllese a previsión de incrementar a achega ao plan de pensións condicionada ao que resulte da nova normativa orzamentaria con vixencia para o 2018, polo que dita previsión non ten reflexo crediticio na aplicación 221-16204 , e no caso de permitirse dita recuperación a contía anual que suporía a mesma (9.531,15€), podería asumirse ao igual que o incremento salarial mediante expediente de modificación orzamentaria.

En consecuencia, o capítulo 1 de gastos experimenta un incremento global do **3,58%** que obedece unicamente as seguintes medidas:

- Dotación do incremento do 1% permitido pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017.
- Realización dun proceso de promoción interna para a cobertura de 10 prazas de “Administrativo” do subgrupo C1 polo sistema de promoción interna.
- Considerando que a Xunta de Galicia ven de conceder dentro do programa de Servizos Sociais un segundo posto de Educador/a Social subgrupo A2, procede a creación estrutural de dito posto mediante a reconversión dun posto anteriormente existente de Educadora do subgrupo C1.
- Dotación inicial das achegas a Planes de Emprego , Obradoiros de emprego e contratacións temporais.
- Dotación inicial para novos trienios do persoal municipal no exercicio 2018.
- Dotación inicial da achega municipal ao proxecto de gasto dentro dos Fondos Feder “APOIO A FAMILIAS VULNERABLES”, dentro do obxectivo temático 9.

Todos estes conceptos supoñen un incremento de **339.514,59€**, a diferenza de 18.951,25€ ata o total do incremento do capítulo 1 do orzamento 2018 (358.465,84€), vería dado pola aplicación do incremento do 1% aprobado no 2017 sobre a nova masa retributiva do 2018.

IMPORTE	DESCRIPCIÓN
83.896,10	INCREMENTO 2017 del 1%
26.135,19	PROMOCION INTERNA AUX. ADMVOS





149.882,34	ACHEGAS PLANES DE EMPREGO
24.334,50	OBRADOIROS DE EMPREGO
30.000,00	ACHEGA FONDOS FEDER
17.443,00	TRIENIOS
7.823,46	EDUCADORA SOCIAL
<b>339.514,59</b>	<b>TOTAL DESGLOSE INCREMENTO</b>
358.465,84	INCREMENTO CAP 1 2018
18.951,25	DIFERENCIA INCREMENTO

Cabe sinalar que non existe unha absoluta correlación entre as retribucións que figuran no Anexo de Persoal para os distintos postos de traballo e os créditos de persoal incluídos no Orzamento, tal como preceptúa o artigo 18 do RD 500/1990. Isto é debido a que se inclúen nas aplicacións orzamentarias do Capítulo I créditos para gastos non concretados en ningún posto de traballo que se poden desglosar do seguinte xeito:

RESUMO CAPITULO I	IMPORTE
1.- RETRIBUCIÓN BÁSICAS E COMPLEMENTARIAS TODO PERSONAL	7.099.927,85
2.- SEGURIDADE SOCIAL TOTAL	2.345.469,09
3.- NOCTURNIDADE/DOMINGOS/FESTIVOS/NADAL	122.300,00
4.- FORMACIÓN	10.000,00
5.- SERVIZOS EXTRAORDINARIOS FUNCIONARIOS	45.500,00
6.- GRATIFICACIONES FIXAS FUNCIONARIOS	24.636,12
7.- GRATIFICACIONES FIXAS LABORAIS	13.342,56
8.- PLAN PENSIONES	60.464,88
9.- AXUDAS O PERSONAL	10.000,00
10.- HORAS EXTRA LABORAIS	9.899,81
11.- DOMINGOS LABORAIS	4.000,00
12.- PERSONAL NON ESTRUCTURAL	592.665,70
13.- OTRAS REMUNERACIONES OBRADOIROS EMPREGO	18.460,18
14.- SEGURO PERSONAL MUNICIPAL	5.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>10.361.666,19</b>

Unha novidade respecto os exercicios precedentes é que por primeira vez o crédito para gastos da seguridade social (16000) se consigna para cada programa individualizadamente e non de xeito global na aplicación 221-16000, o que explica a minoración tan destacada do 30,43% da área de gasto 2.

**O total de retribucións se desglosa en:**



- **7.099.927,85 euros:** Se corresponden aos postos/prazas que forman parte da plantilla e aparecen valorados no cadro de persoal do Orzamento correspondente ao exercicio 2018, de acordo cos datos remitidos polo Departamento de Persoal. Se trata de 304 postos de traballo. Todos os postos para os que se prevé queden vacantes por xubilación, aparecen valorados para o exercicio completo, (os salarios dos funcionarios, persoal laboral e persoal eventual da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, que se imputará con cargo ao capítulo 1 de gastos deste Organismo Autónomo, se trata de prazas/postos de traballo que, se ben forman parte do cadro de persoal do Concello e aparecen valorados por formar parte da plantilla, non se presupostan no capítulo I do Orzamento do Concello senón no Orzamento da FPSDM, ascendendo a 375.397,98€).
- **592.665,70€:** Se corresponden aos postos/prazas do persoal non estrutural que non aparece valorada na plantilla; dentro deste persoal son conceptos a destacar os seguintes:
  - **Retribucións dos órganos de goberno (912-100), por importe de 183.394,54 euros.**
  - **Retribucións dos auxiliares da policía local (132-131) a contratar tódolos anos polo Concello por importe de 101.450,95 euros.**
  - **Achegas municipais correspondente á contratación do Programa de Cooperación, Plan emprego Deputación e Plan Integración Risga (241-131), por importe global de 77.073,40 euros.**
  - **Achegas municipais correspondente á contratación do Programa temporal de Prevención de Incendios Forestais (135-131), por importe global de 19.490,87 euros.**
  - **Retribucións correspondentes á bolsa de auxiliares administrativos nas aplicacións 920-1200001 e 931-1200001 e as súas divisionarias para complementarias, por importe de 50.669,24€ e 21.444,11 € respectivamente.**
  - **Retribucións correspondentes ó persoal temporal da Escola de música (3262-1200001 e as súas divisionarias para complementarias) e Conservatorio (3261-1200001 e as súas divisionarias para complementarias) por importe de 30.703,42 € e 78.139,73 €.**
- **238.138,67€:** Se corresponden con gratificacións e créditos para servizos extraordinarios tanto do persoal laboral como funcionario, así como achegas para os obradoiros de emprego.

IMPORTE	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN
45.500,00 €	151	HORAS EXTRA FUNCIONARIOS
24.636,12 €	1210305	GRATIFICACIÓNS
9.899,81 €	13001	HORAS EXTRA LABORAL
11.500,00 €	1210301	DOMINGOS FUNC
22.000,00 €	1210302	NOCTURNIDAD FUNC



88.800,00 €	152/1521	FESTIVOS
4.000,00 €	1300201	DOMINGOS LABORAL FIXO
13.342,56 €	1300205	OUTRAS GRATIF LABORAL FIXO
18.460,18 €	2412-131	ACHEGAS OBRADOIROS
<b>238.138,67 €</b>		

O total de seguridade social do Concello, (sen engadir a fundación de Deportes que ascendería a 119.102,02€), ascende a 2.345.469,09€ co seguinte desglose:

- **2.082.086,56 euros** correspondentes á seguridade social dos postos/prazas que forman parte da plantilla e aparecen valorados no cadro de persoal do Orzamento correspondente ao exercicio 2018, de acordo cos datos remitidos polo Departamento de Persoal.
- **172.043,33€:** Se corresponden aos postos/prazas do persoal non estrutural que non aparece valorada na plantilla.
- **10.000,00€** para plan formación persoal.
- **60.464,88€** para achega Plan de Pensións.
- **10.000,00€** para axudas o persoal.
- **5.000,00€** para o seguro do persoal municipal.
- **5.874,32€** para Obradoiros de emprego.

En relación á organización da plantilla e á súa valoración segue a ser necesario levar a cabo a nova valoración da Relación de Postos de Traballo, xa que dito propósito serviu de base para que no exercicio 2008 polo Pleno da corporación se aprobase o denominado “anticipo especial de nómina de carácter transitorio”, cun importe inicial de 300.000,00€ prorrogado ata a finalización do proceso e en todo caso ata o 31 de decembro de 2009, se ben dende entón o Pleno da corporación con ocasión da aprobación dos orzamentos de cada exercicio económico ven prestando aprobación a este concepto retributivo que para o 2017 ascende a contía de **273.253,80 euros**, de ahí que en base a dita estimación se consigne dende entón baixo a denominación de “ANTICIPO A CONTA RPT” en conceptos de gasto de desglose propio (1210304 e 1300204) crédito por dito importe.

Na data de confección do presente informe atópase en execución o contrato de modificación para a **nova valoración da RPT que deberá permitir regularizar a situación, de xeito que as contías que correspondan en cada caso pasen a integrarse no concepto económico de retribucións complementarias, (complemento específico), pois o importe consignado actualmente non deixa de ser unha estimación e a súa aplicación individualizada froito de acordo coa mesa de negociación.**



Entende esta Intervención polo tanto, que no caso de rematar a execución do contrato dentro do exercicio 2018 e aplicarse con efectos retroactivos a nova valoración resultante cós efectos retributivos que dela se deriven, en dita aplicación retroactiva deberán descontarse en todo caso as contías percibidas o longo do exercicio 2018 baixo a denominación “ANTICIPO A CONTA RPT”.

En todo caso, ante a falla dunha cuantificación do incremento que pode supoñer a aplicación da nova valoración, polo equipo de goberno óptase por non dotar no orzamento 2018 crédito específico para facer fronte ao potencial incremento salarial, contando co saldo das económicas 1210304 e 1210204, polo que unha vez se aprrobe o documento definitivo deberá estudarse as actuacións orzamentarias a seguir.

Unha nova valoración da RPT é necesaria para poder valorar as diferentes gratificacións concedidas aos funcionarios por desempeñar tarefas correspondentes a postos de traballo de superior categoría e outras gratificacións e complementos que deberían estar valorados e formar parte do complemento específico.

Os gastos de persoal seguen a representar a porcentaxe máis elevada do estado de gastos respecto do total do orzamento, un **37,90%**, experimentando un incremento real respecto o exercicio 2017 dun **0,81 %**, incremento que ven detallado no presente apartado.

## **Capítulo II Gastos en bens correntes e servizos.(10.229.511,25 €).**

En termos comparativos, se produce un aumento de gastos correntes nun **3,35%** con respecto ao Orzamento do exercicio 2017, pasando a representar un **0,74%** máis sobre o total do orzamento de gastos que no orzamento do 2017.

Os gastos recollidos neste capítulo inclúen os diferentes contratos, (renting vehículos, seguros, gastos reparación de vehículos, servizo de limpeza viaria, recollida e tratamento de lixo, mantemento de dominios web, inspección de tributos locais...).

Asimesmo, inclúense neste capítulo os gastos derivados de reparacións, mantemento e arranxos nos bens de titularidade municipal, así como mantementos de equipos, ou a adxudicación de asistencias técnicas como son a xurídica e de enxeñería no programa de Oficina Técnica...etc

Todo elo sen prexuízo de moitos outras licitacións que quedan pendentes tales como teléfono, combustibles e carburantes,.....etc

O proxecto de orzamento 2018 novamente pode dar cobertura a gastos excepcionais tales como revisións de prezos de contratos de xestión de servizos e expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, (divisionaria 77).

Se continua na liña de potenciación do gasto social que volve a incrementarse nun 0,31%, acométese un aumento noutros programas como Igualdade nun 18,62% SPAD, Fomento do emprego nun 12,38%, Seguridade ..etc



Se dota no capítulo 2 de gastos os gastos de mantemento e funcionamento das instalacións da Galescola de Carril (Galiña azul), ao abeiro do Convenio asinado co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Se consigna crédito por importe de 123.000,00 euros, así como o crédito necesario para facer fronte ao potencial fraccionamento que deberá ser solicitado para a débeda correspondente ao período 2013-2014,(33.618,69€).

Destacar no concepto 22706 e 22799 a dotación de 125.000,00€ en conxunto para asistencias técnicas así como para facer fronte á anualidade do contrato de servizos para a modificación da RPT.

Na aplicación **929-22699** consígnanse crédito por importe de **44.254,59€** á vista do gasto realizado no 2017 para facer fronte a gastos por expedientes de responsabilidade patrimonial, sancións e execucións xudiciais, o que permite levar un control deste tipo de gasto máis exhaustivo ao tempo que evita que este tipo de expedientes consuman o crédito consignado para o mantemento dos servizos municipais básicos.

Ao igual que no exercicio anterior, para este exercicio non se consignará o crédito necesario para facer fronte o importe correspondente aos posibles xuros de demora derivados da devolución do préstamo FOMIT “Luz Salgada”, se ben explicar que o escenario mudou considerablemente pois polo Supremo recoñeceuse a competencia autonómica na materia e en base a dita sentenza pola Consellería competente ditouse resolución de reintegro por importe de 465.232,36€ que foi aboada en data .

Non obstante, polo Estado tense presentado recurso contra dita liquidación por entender que o importe é correcto a liquidar sería o reclamado no seu día polo Ministerio, (1.375.172,89€).

En consecuencia, de estimarse a impugnación estatal o Concello tería que facer fronte a diferenza entre o reclamado no seu día polo Estado en concepto de xuros e o importe aboado á Xunta en dito concepto, o que daría unha débeda por importe de 909.940,53€.

En base a dita situación polo Equipo de Goberno decidiuse non consignar crédito no exercicio 2018 a esperas da resolución xudicial; no caso de que finalmente deba asumirse con cargo os orzamentos municipais a débeda reclamada, a dotación crediticia veríase minorada en todo caso polo importe de 67.190,71€ que é o saldo que figura xa como obriga recoñecida pendente de pago dende o exercicio 2014 unha vez que foi aboada a liquidación da Xunta.

En consecuencia terían que dotarse 842.749,82€, para o cal se solicitaría fraccionamento a 5 anos do que resultaría cotas de 168.549,96, debendo tramitar o expediente de modificación orzamentaria que proceda tendo en conta que o Fondo de continxencia é necesario para asumir a posible subida salarial que non é dotada inicialmente no capítulo 1.

### **Capítulo III Gastos financeiros.(82.000,00 €)**

Recolle os xuros e demais gastos derivados de todo tipo de operacións financeiras contraídas pola Entidade, así como os gastos de emisión, formalización e cancelación das mesmas. Para o cálculo dos xuros, estableceuse un criterio de prudencia ó considerar un tipo fixo do 1% para todos os casos a excepción dos préstamos concertados con tipo fixo.(Estado da Débeda



facilitado pola Tesourería municipal)

Este capítulo vese minorado nun **41,94%** debido ás amortizacións ordinarias e extraordinarias acometidas sucesivamente nos derradeiros exercicios económicas.

#### **Capítulo IV Transferencias Correntes. (2.748.843,86 €)**

Son os créditos destinados a achegas por parte da Entidade Local sen contraprestación directa dos axentes perceptores e con destino a financiar operacións correntes. Nas bases de Execución do ORZAMENTO recóllense as subvencións nominativas correspondentes ao Capítulo 4 de Gasto a conceder durante o exercicio 2018 sendo o importe total de **189.200,00 €**.

Esta área experimenta un incremento do **3,45%** debido ao incremento en diferentes conceptos.

Destaca novamente a partida de axudas de emerxencia de pago único de corrente en resposta ao continuo incremento da demanda, e tamén das axudas de lactancia infantil, á vista do informe do Departamento de Servizos Sociais.

Se continua na liña de fomento do transporte público incrementando a dotación para novos convenios.

Incrementábase novamente a dotación para a subvención a favor da Banda de Música Municipal en 3.270,00€, a dotación para a subvención a favor da Asociación Protectora de Animais en 10.000,00€, así como a dotación para a subvención ás Mancomunidades de Montes en 15.000,00€ para labores de mantemento e desbroce dentro do programa de Medio Ambiente.

A aplicación orzamentaria máis significativa é a correspondente achega a realizar ó Organismo Autónomo Fundación de Deportes por importe que incrementábase en 30.000,00€ respecto ó 2017.

Tamén destaca o incremento do crédito para becas de estudo para fillos dos empregados municipais en 16.000,00€

Se dota o crédito para as achegas á Mancomunidade do Salnés á vista das derradeiras liquidacións do 2017 e o gasto que supón o combustible que empregan as máquinas que son cedidas puntualmente ao Concello para traballos realizados no termo municipal e que corre a conta do Concello, (943-46300)

Mantense a contía consignada na modalidade de transferencia corrente na aplicación 4311-452 para facer fronte á achega do Concello á fundación FEXDEGA, por importe de **70.000,00€**.

#### **Capítulo V Fondo de Continxencia.( 118.889,30€).**

A consignación inicial ven determinada legalmente nun 0,5% da total dos gastos non





financeiros (Cap. 1, 2 e 4), co fin de atender a necesidades inaprazables de carácter non discrecional par as que non se fixo, en todo ou en parte, a axeitada dotación orzamentaria, dotación que aparecerá consignada na aplicación 929-500.

O funcionamento e natureza deste capítulo e o seu crédito ven regulado na base 31ª das BEO 2018 ás que me remito.

### **Capítulo VI Inversións reais.( 1.350.000,00 €).**

Outro capítulo destacado do presente proxecto de orzamento é o capítulo VI, o seu importe ven determinado pola previsión da concertación dunha nova operación de endebemento a longo prazo por importe de 1.130.000,00€ que se destinará nun **83,70%** diferentes investimentos vencellados a servizos municipais básicos como son obras de accesibilidade, acondicionamento das Casa de Cultura, mantemento dos parques infantís o obras de acondicionamento no rural entre outros, destacando o crédito dotado parara facer fronte a sentenza que condena ao Concello a aboar a contía de 230.082,72€ en concepto de xustiprezo polos terreos sitos na Avda. Rivero de Aguilar.

A porcentaxe restante (16,30%), destínase principalmente ao financiamento da redacción de proxectos de inversión, direccións de obra e coordinacións de seguridade e saúde para o que se dota a contía de 147.900,00€ na aplicación 150-640, a maiores dótase crédito para pequenos investimentos financiados cargo a recursos propios vinculados ao funcionamento ordinario dos servizos.

Os créditos orzamentarios para Inversións Reais supoñen o **4,94%** do total do Orzamento, fronte o **6,24%** dos orzamentos municipais correspondentes ao ano 2017, a minoración obedece ao menor importe da operación de crédito proxectada.

Polo tanto, queda constancia da vontade de continuar acometendo actuacións con repercusión no inmovilizado municipal con cargo ao endebemento financeiro ao tempo que poden seguirse asumindo de xeito autosuficiente inversións de certa entidade.

Remítome ao anexo de investimentos no referente ás características de cada inversión.

### **Capítulo VII Transferencias de Capital. (128.500,00€).**

En relación coas **transferencias de capital**, como novidade respecto o exercicio 2017 destaca o incremento da achega municipal para os gastos de capital da Banda de Música municipal en virtude de do convenio suscrito con dita asociación que se incrementa en 500,00€; a dotación de crédito na aplicación 1522-770 por importe de 30.000,00€ para unha nova liña de axudas para obras de accesibilidade a establecementos privados, así como a dotación para unha subvención nominativa de capital na aplicación 231-78002 por importe de 40.000,00€.



O crédito para axudas de emerxencia para gasto hipoteca que se imputarán na aplicación orzamentaria 231-78001, que mantense idéntica respecto ao exercicio anterior en 30.000,00€.

Representa un **0,47%** sobre o total do orzamento, incrementándose nun **0,29%** respecto ao 2017.

### **Capítulo VIII Activos financeiros.(150.000,00 €).**

En correlación có capítulo 8 de ingresos, recolle ós créditos destinados a concesión de préstamos ó persoal, mantendo o importe do exercicio anterior e representando un **0,55%** sobre o total do orzamento.

### **Capítulo IX Pasivos Financeiros.( 1.733.428,08 €).**

Recóllense os gastos que realiza o Concello como consecuencia da amortización de créditos e pasivos financeiros da entidade. A estimación procede dos datos facilitados pola diferentes entidades bancarias e polo Estado da Débeda.

Este capítulo vese minorado respecto o 2017 nun **6,44%** como consecuencia da sucesiva minoración da débeda viva tanto polas amortizacións ordinarias como polas extraordinarias en aplicación do superávit obtido na liquidación do exercicio precedente.

Dado que a operación proxectada contaría cun ano de carencia non se engaden cotas de amortización para a mesma.

## **5.-CÁLCULO AFORRO NETO DA CORPORACIÓN, CAPACIDADE DE FINANCIACIÓN E VOLUME DE ENDEBEDAMENTO.**

Estas magnitudes calcúlanse a 1-1-2018, tendo en conta a derradeira liquidación aprobada, que sería a correspondente ao exercicio 2016, e os datos facilitados pola Tesourería municipal en relación aos xuros bancarios que se plasman no estado da débeda e que acompaña o Orzamento.

### **1.- AFORRO BRUTO E AFORRO NETO:**

A modificación introducida pola Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2013, que modificou o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público no referente o réxime de endebedamento das Entidades Locais consagrouse con vixencia indefinida a partir do exercicio 2014, vixencia que prorroga a Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017 prorrogada o exercicio 2018, en canto os límites de volumen de endebedamento e aforro neto, non obstante se producen certas modificacións no marco legal do endebedamento das Entidades Locais para o exercicio 2018:



- Ao contrario que no exercicio 2017, para 2018 NON é posible a consolidación de débeda a curto prazo en débeda a largo prazo.
- Continuando coa senda iniciada no 2016, xa NON existe a obriga de elaborar un plan de saneamiento o de redución de débea para refinar unha operación nos casos de aforro neto negativo o débeda superior ao 75%.
- En ausencia de LPXE 2018, a coñecida "refinanciación de operacións" poderá realizarse á vista do disposto no artigo 49.2.d) do TRLRFL.

En base ao exposto, da cordo coa definición e delimitación do Sistema Europeo de Contas, as Entidades Locais que liquiden o exercicio inmediato anterior con aforro neto positivo, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de inversións, cando o volume total del capital vivo non exceda do **75 por cento** dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados.

Se dito volume excede do citado anteriormente, pero non supera o establecido no artigo 53 do TRLRFL, (**110%**), poderán concertar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais.

As entidades que presenten aforro neto negativo ou un volume de endebedamento vivo superior o recollido no citado artigo 53 anterior, non poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.

Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento e do cálculo do capital vivo, se estará o disposto na disposición final 31ª da Lei de Presupostos do Estado para 2013 prorrogada pola LOXE 2017.

Feita esta introdución do copioso panorama normativo que resulta de aplicación na materia, procede a calcularse as magnitudes **do aforro bruto e o aforro neto.**

O artigo 53.1 do TRLRFL establece que o aforro neto legal ven determinado pola diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos un a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigas recoñecidas polos capítulos un, dous e catro do estado de gastos, minorada polo importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos

préstamos e empréstimos propios e avalados a terceiros, pendentes de reembolso, debendo determinarse a anualidade teórica de amortización en termos constantes.

Para determinar o cálculo da variable financeira **AFORRO NETO** procédese a aplicar o seguinte procedemento, tomando como referencia a liquidación en termos consolidados do exercicio 2016:



## OBTENCION DOS INGRESOS CORRENTES (A-B)

### A. Total de ingresos correntes:

Deberanse sumar a totalidade dos dereitos recoñecidos dos Capítulos I a V do estado de ingresos, en concepto de netos (despois de anulacións e devolucións). Trátase de sumar a totalidade dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes en termos consolidados:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE DE-REITOS LIQUIDADOS
1	Impostos directos	9.786.428,58
2	Impostos indirectos	307.417,22
3	Taxas e outros ingresos	6.996.507,34
4	Transferencias correntes	10.969.101,56
5	Ingresos patrimoniais	25.455,19
Total dereitos liquidados por operacións correntes		<b>28.084.909,89</b>

O total de ingresos correntes ascende a **28.084.909,89€**.

### B. Axustes aos ingresos correntes:

Os axustes, contemplados principalmente no TRLRHL, teñen o fundamento xurídico e económico de reflectir la imaxe fiel da Entidade.

Os axustes que se van a analizar faranse sempre sobre os ingresos correntes, non facendo consideración práctica algunha sobre o resto de ingresos, como son os de capital ou os financeiros.

Así, os axustes a aplicar sobre o cálculo do aforro neto son:

#### B.1) Deducción dos Ingresos Non Recorrentes .

Son ingresos que, por non ter carácter ordinario e recorrente, é dicir, «non correntes» no seu devengo, deben de axustarse porque se contabilizan dentro dos ingresos correntes e melloran ficticiamente os ingresos.

No referente á determinación de ingresos afectados susceptibles de axuste á baixa nos termos indicados na Guía confeccionada polo Ministerio de Facenda a efectos do cálculo do obxectivo de débeda, non constan en contabilidade ingresos afectados a gastos de capital, (multas coercitivas, ingresos por convenios urbanísticos, aproveitamentos agrícolas..etc), sen embargo resulta moito máis complicado delimitar ingresos de carácter non estrutural ou ordinario, habida conta que as previsións dos capítulos 1 a 5 vense facendo dende o exercicio 2012 de forma moi restritiva limitándose a consignación inicial de ingresos exclusivamente estruturais, sendo a xeración de crédito a forma de dar cabida a novos ingresos finalistas non recorrentes, e debendo estar as



liquidacións respectivas para a analizar o grao de realización de ditas previsións.

Para realizar este axuste partimos da contabilidade 2016 e se examinamos os listados de ingresos do Concello do 2016, (posto que na Fundación de Deportes todos os dereitos recoñecidos presentan carácter estrutural), poden considerarse ingresos afectados non estruturais pola súa natureza excepcional ou non recorrente nunha media de tres exercicios, os seguintes:

INGRESOS AFECTADOS NON ESTRUCTURAI		
Aplicación	Importe	Texto Libre
2016 60100	64.975,00	INGRESADO DEPÓSITO PREVIO POR EXPROPIACIÓN DAS FINCAS 144 E 163, CON MOTIVO DAS OBRAS 41-PO-3570
2016 60100	40.480,25	INGRESADO XUSTIPREZO XURADO POLA EXPROPIACIÓN DAS FINCAS 144 E 163 DAS OBRAS 41-PO-3570,
2016 42000	645.097,04	INGRESADO PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO, LIQUID. DEFINITIVA 2014.
2016 47000	4.000,00	INGRESADO CONVENIO COLABORACIÓN FESTAS S. ROQUE 2016, COMBATE NAVAL.
<b>TOTAL</b>	<b>754.552,29</b>	<b>TOTAL</b>

## B.2) Gastos con Financiación Afectada

Os Gastos con Financiación Afectada son gastos ou proxectos de gasto que, ben pola súa natureza ou condicións específicas, ben como consecuencia de convenios entre a entidade responsable da súa execución e calquera outra entidade, de carácter público ou privado, se financian, en todo ou en parte, mediante ingresos concretos ou específicos de un ou varios exercicios, sen que necesariamente deban coincidir con aqueles nos que se realice o gasto.

Dos axustes por desviación de financiación, o máis relevante e frecuente será o que practiquemos aos ingresos correntes afectados. Así o veu a consolidar a Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2014, ao establecer para cálculo do aforro neto, que nos ingresos correntes, se deberán deducir aqueles ingresos que teñan un carácter afectado.

### a) Desviación positiva de natureza corrente.

Son ingresos correntes recoñecidos e destinados a un gasto pendente de recoñecer en presuposto. Ao incluírse o ingreso e non o gasto nun determinado exercicio, teríamos un aforro neto maior do que verdadeiramente existe. As desviacións positivas imputables ao exercicio da cordo co informe da Intervención á liquidación 2016 Ref.: CV 23/2017 ascenderon a **3.076.325,24€**.

Tra-los axustes aplicados anteriormente, **os ingresos correntes axustados a ter en conta para o cálculo do aforro neto ascenden a:**



TOTAL INGRESOS CORRENTES	28.084.909,89
TOTAL INGRESOS NON RECURRENTES	754.552,29
TOTAL Df imputables ao exercicio positivas	3.076.325,24
<b>TOTAL INGRESOS CRRTES. AXUSTADOS</b>	<b>24.254.032,36</b>

### OBTENCION DOS GASTOS CORRENTES (A-B):

#### A. Total de gastos correntes:

Se deberán sumar a totalidade das obrigas líquidas (despois de anulacións e reintegros), dos Capítulos I, II e IV do estado de gastos. Se trata de sumar a totalidade das obrigas recoñecidas netas por gastos non financeiros por operacións corrientes consolidados:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE OBRIGAS RECOÑECIDAS
1	Gastos de persoal	10.474.048,40
2	Compra de bens correntes e servizos	9.663.343,88
3	Gastos financeiros	102.275,66
4	Transferencias correntes	1.434.267,05
Total obrigas recoñecidas por operacións corrientes (excluído Cap.III)		<b>21.571.659,33</b>

El total de gastos corrientes ascende a **21.571.659,33€**.

#### B) Axustes aos gastos correntes:

Os axustes, contemplados principalmente no TRLRHL, teñen o fundamento xurídico e económico de reflexar a imaxe fiel da Entidade.

Os axustes que se van a analizar faranse sempre sobre os gastos correntes, non facendo consideración práctica algunha sobre o resto de gastos, como son os de capital ou os financeiros.

Así, tense que os axustes a aplicar sobre o cálculo do aforro neto son:

##### B.1) Gastos con Financiación Afectada

Os Gastos con Financiación Afectada son gastos ou proxectos de gasto que, ben pola súa natureza ou condicións específicas, ben como consecuencia de convenios entre a entidade responsable da súa execución e calquera outra entidade, de carácter público ou privado, se financian, en todo ou en parte, mediante ingresos concretos ou específicos de un ou varios exercicios, sen que necesariamente deban coincidir con aqueles nos que se realice o gasto.





- a. Desviación negativa de natureza corrente: Son gastos correntes recoñecidos no exercicio que se financian con ingresos correntes aún non recoñecidos no presuposto. A falta de axuste significa un empeoramento ficticio no cálculo do aforro neto legal.

As desviacións negativas imputables ao exercicio da cordo co informe da Intervención á liquidación 2016 Ref.: CV 23/2017 ascenderon a **2.161.319,91€**.

## B.2) Obrigas do exercicio financiadas con Remanente Líquido de Tesourería

«En el cálculo del ahorro neto no se incluirán las obligaciones reconocidas, derivadas de modificaciones de préstamos, que hayan sido financiadas con remanente líquido de tesorería».

Haberá que deducir as obrigas recoñecidas en gastos correntes que estean financiadas con recursos procedentes de exercicios anteriores, co fin de non distorsionar o indicador do equilibrio entre ingresos e gastos correntes.

No exercicio 2016, recoñecéronse obrigas financiadas con cargo a RLTX por importe de **1.064.314,24€**, (expdte. N° 03/CE/2016).

Tra-los axustes aplicados anteriormente, **os gastos correntes axustados a ter en conta para o cálculo do aforro neto ascenden a:**

TOTAL GASTOS CORRENTES	21.571.659,33
OBRIGAS FINANCIADAS CON CARGO RLTX 2016	1.064.314,24
TOTAL Df imputables ao exercicio negativas	2.161.319,91
<b>TOTAL GASTOS CRRTES. AXUSTADOS</b>	<b>18.346.025,18</b>

### Determinación da ANUALIDADE TEÓRICA:

#### A. Operacións formalizadas.

Dentro das operacións de préstamo que ten formalizadas a entidade procedemos a identificar aquelas que entran a formar parte do cálculo da anualidade teórica de amortización, indicando a anualidade teórica de amortización de cada unha delas tal e como se establece no seguinte cadro a 01/01/2018:

ENTIDADE	Nº PRÉSTAMO	PAZO	TIPO XURO	ATA 2018
----------	-------------	------	-----------	----------



<b>BBVA</b>	9542581034	2002-2022	Euribor+0,02	122.019,97
<b>BBVA</b>	9543754650	2004-2019	Euribor-0,11	159.045,82
<b>BBVA</b>	9544336772	2005-2020	Euribor-012	79.230,77
<b>BBVA</b>	9545525801	2008-2020	Euribor+0,14	163.815,72
<b>BBVA</b>	9545776833	2007-2019	Euribor+0,28	160.157,86
<b>BBVA</b>	9550313110	2015-2026	1,09%	157.555,15
<b>ABANCA</b>	5448000879-6	2003-2017	Euribor+0,01	79.649,12
<b>ABANCA</b>	5448001040-8	2005-2020	Euribor+0,04	122.860,87
<b>ABANCA</b>	05227600-5	2006-2021	Euribor 3m+0,84	272.720,68
<b>ABANCA</b>	0522-7942-0	2017-2028	Euribor 3m+0,72	137.500,00
<b>ABANCA</b>	0522004891-0	2006-2021	Euribor	117.103,91
<b>LA CAIXA</b>	9620 30750932913	2006-2015	0,5000%	109.317,52
<b>ABANCA</b>	02197/0	2007-2019	Euribor+0,05	58.934,33
<b>B. SABADELL</b>	0271 124 505 79	2016-2027	Euribor 3m+0,69	67.359,24
<b>OPE. PRO- XECTADA</b>	-	2018-2028		500,00
<b>TOTAL ATA</b>				<b>1.807.770,96</b>

A anualidade teórica de amortización de cada unha das operacións obtívose aplicando o sistema de amortización previsto en cada un dos contratos de préstamo formalizados, cas indicacións recollidas no Estado da Débeda do Orzamento 2018.

### B. Operación proxectada:

A anualidade da operación proxectada por importe de **1.130.000,00€**, ven recollida no Estado da Débeda do Orzamento 2018; as previsións son concertar unha operación cunha carencia que vencería en decembro de 2018, e disposición gradual dentro dese primeiro ano, pagando xuros unicamente polo capital disposto, polo tanto non se contempla carga financeira polas cotas de amortización que en todo caso comezarían no 2019, consignando no capítulo 3 de gastos o crédito preciso para o pago dos xuros fixando unha cantidade estimativa de **500,00€**, tendo en conta un tipo fixo do 1%, para a previsión de disposición íntegra do 1.130.000,00€, e a contar dende o



01/12/2018:

ENTIDADE	Nº PRÉSTAMO	PRAZO	TIPO XURO	ATA 2018
<b>OPERACIÓN PROXECTADA</b>	-	2018-2028	1,0000%	500,00
<b>ATA ope. Proxect.</b>				<b>500,00</b>

### C. Anualidade teórica TOTAL.

Obtense do compromiso de anualidade teórica que existe polas operacións formalizadas máis o compromiso de anualidade teórica da operación proxectada:

ATA	IMORTE/€
OPE. FORMALIZADAS	1.807.270,96
OPE. PROXECTADA 2018	500,00
<b>TOTAL ATA</b>	<b>1.807.770,96</b>

Unha vez procedido a calcular os ingresos correntes axustados, os gastos correntes axustados e a anualidade teórica de amortización total, incluíndo a operación proxectada, o cálculo do **AFORRO NETO** da Entidade Local en termos consolidados será:

+	INGRESOS CRRTES. AXUSTADOS	24.254.032,36
-	GASTOS CRRTES AXUSTADOS	18.346.025,18
-	ATA 2018	1.807.770,96
=	<b>AFORRO NETO AXUSTADO</b>	<b>4.100.236,22</b>
	<b>% SOBRE OS INGRESOS CRRTES AXUSTADOS</b>	<b>16,91%</b>

O aforro neto, entendido como o indicador de solvencia que valora a futuro a capacidade da Entidade Local de facer fronte ás obrigas xeradas polas operacións de endebedamento é **4.100.236,22 €**, **AUMENTA respecto o exercicio 2017 debido a notable redución da débeda financeira e ao incremento dos ingresos afectados.**

### 2 -VOLUME DE ENDEBEDAMENTO:

Para o cálculo do volume de endebedamento das Entidades Locais segue sendo de aplicación o TRLRFL 2/2004.

O contexto normativo introducido no seu día pola DF<sup>a</sup> 31 da Lei de Orzamentos Xerais 2013, e prorrogado para o 2018 e que modificou a disposición adicional decimocuarta do Real Decreto Lei 20/2011, establece que o nivel de endebedamento obtense da suma do capital vivo (pendente de amortización) das operacións vixentes a curto prazo e a longo prazo incluíndo as operacións proxectadas, e os saldos das operacións formalizadas pendentes de dispoñer, entre os ingresos



correntes recoñecidos en termos consolidados, isto é, liquidados na última liquidación aprobada do orzamento (2016), engadindo como que destes últimos deberá descontarse o efecto que os ingresos de carácter afectado poidan ter, e multiplicado todo por 100.

A efectos do cálculo do capital vivo, se considerarán todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, engadido o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. En ese importe non se engadirán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.

Para determinar o **VOLUMEN DE ENDEBEDAMENTO**, tomarase como referencia o capital vivo a 01/01/2018 das operacións vixentes a curto prazo e a longo prazo, incluído o risco deducido de avais e incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada, pero non tomando en consideración os saldos que se deben reintegrar derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado:

ENTIDADE	31/12/2017
BBVA	525.444,92
BBVA	311.854,55
BBVA	230.769,22
BBVA	316.766,16
BBVA	428.646,34
BBVA	1.285.275,49
ABANCA	185.230,29
ABANCA	415.471,39
ABANCA	477.771,12
ABANCA	1.250.000,00
ABANCA	403.444,58
LA CAIXA	366.790,71
ABANCA (B.ETCHEV.)	101.361,23
B. SABADELL	617.500,00
<b>TOTAL CAPITAL VIVO</b>	<b>6.916.326,00</b>
<b>OPE. PROXECTADA</b>	<b>1.130.000,00</b>
<b>TOTAL CAPITAL VIVO</b>	<b>8.046.326,00</b>

Así calculado a débeda viva da Entidade ascende á cantidade de **8.046.326,00€**, que representa o **28,65%** sobre os recursos correntes liquidados en termos consolidados do último exercicio 2016, (**28.084.909,89 €**), incluídos os devengados segundo as cifras dos estados contables consolidados, tal e como dispón a D.A. 14ª do RD-Lei 20/2011:

<b>NIVEL DE ENDEBEDAMENTO =</b>	<b>8.046.326,00</b>	<b>X100</b>	<b>=28,65</b>
	<b>28.084.909,89</b>		



Agora ben, os mesmos axustes operados en materia de ingresos para o cálculo do aforro neto deben ser aplicados por coherencia, para o cálculo do volume de endebedamento, e nese caso dos dereitos consolidados liquidados por operacións correntes na última liquidación aprobada (2016) axustados (24.254.032,36), a débeda viva a 01/01/2018 incluída a operación proxectada supón un **33,18%**, polo que **NON** se superaría o límite do 75% fixado na DF 31ª da Lei 17/2012 de Orzamentos Xerais do Estado para o 2013, e en consonancia co artigo 53.2 do TRLRFL, a concertación da operación proxectada **NON** requiriría de autorización do órgano que teña atribuída a tutela financeira da entidade:

<b>NIVEL DE ENDEBEDAMENTO =</b>	<b>8.046.326,00</b>		
<b>ENDEBEDAMENTO</b>	<b>24.254.032,36</b>	<b>X100</b>	<b>=33,18</b>

Non obstante, haberá que esperar á liquidación do exercicio 2017 para poder determinar volume de endebedamento efectos da formalización da operación proxectada; Para o caso de que finalmente sexa precisa previa autorización, en tanto non se conceda non poderán adquirir firmeza os compromisos de gasto vinculados a tal operación crediticia.

#### 6.-SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER Ó CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS ESIXIBLES E ÓS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO SERVICIO:

##### a) Por razón dos compromisos e débedas esixibles:

Intereses, comisións, etc.....	82.000,00
Amortizacións.....	1.733.428,08

##### b) Por razón dos gastos de funcionamento dos servizos:

Gastos de persoal.....	10.361.666,19
Gastos de bens correntes.....	10572.427,90

##### c) Por razón de transferencias correntes:

Transferencia Fundación Municipal de Deportes.....	1.052.000,00
--	--------------

##### d) Gastos de inversión:

Supeditado á obtención dos recursos necesarios que figuran no Anexo de inversións .....	1.130.000,00
Con cargo a recursos propios.....	220.000,00

##### e) Transferencias de capital: 128.000,00

En consecuencia, coas previsións que anteriormente quedan expresadas, parece deducirse a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de



funcionamento dos servizos.

### 7.-DESVIACIÓNS RESPECTO ÁS LIÑAS FUNDAMENTAIS PARA O ORZAMENTO 2018.

En aplicación do disposto no artigo 15.1 a) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, mediante resolución de Alcaldía de data 12 de setembro de 2017, o Concello de Vilagarcía de Arousa aprobou as súas liñas fundamentais para o Orzamento do exercicio 2018.

Tal e como se recollía no informe da Intervención Ref.: CV 222/2017, as modificacións que se presente o Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación terán a tendrán consideración de “desviacións” respecto á información subministrada ao Ministerio e polo tanto deberán ser obxecto de motivación, tal e como recolle no apartado 2.2 da Guía do Ministerio de Facenda para a remisión de ditas liñas fundamentais.

Da comparativa das liñas fundamentais aprobadas no seu día e do Proxecto de Orzamento consolidado para o exercicio 2018, resultan as seguintes desviacións:

TOTAL CONSOLIDADO	INGRESOS/PI		
	LIÑAS FUND.	ORZAMENTO 2018	DIFERENZA O/L.F.
<b>TOTAL</b>	<b>25.779.317,13 €</b>	<b>27.435.573,10</b>	<b>1.656.255,97</b>
TOTAL INGRESOS CORRIENTES	25.575.896,73 €	26.155.573,10	579.676,37
TOTAL INGRESOS NO FINANCIEROS	25.629.317,13	26.155.573,10	526.255,97
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL	53.420,40 €	0,00	-53.420,40
TOTAL INGRESOS FINANCIEROS	150.000,00 €	1.280.000,00 €	1.130.000,00 €
TOTAL CONSOLIDADO	GASTOS/CI		
	LIÑAS FUND.	ORZAMENTO 2018	DIFERENZA O/L.F.
<b>TOTAL</b>	<b>25.779.317,13</b>	<b>27.435.573,10</b>	<b>1.656.255,98</b>
TOTAL GASTOS CORRIENTES	23.751.227,16	24.043.645,02	292.417,87
TOTAL GASTOS NO FINANCIEROS	23.896.244,49	25.552.145,02	1.655.900,54
TOTAL GASTOS DE CAPITAL	145.017,33	1.508.500,00	1.363.482,67
TOTAL GASTOS FINANCIEROS	1.883.072,64 €	1.883.428,08 €	355,44 €





Como pode observarse, as variacións en cómputo global ascenden a **1.656.255,98€**, e responden o seguinte desglose:

1. **1.130.000,00 €** debido a que nas liñas fundamentais non se contemplaba a concertación de operación de endebedamento.
2. **526.255,97€** de maiores ingresos, pola conxunción de factores tales como datos actualizados no referente a ingresos finalistas e consignación como PI nos capítulos 1 a 3 a contía resultante da execución do estado de ingresos no 2017, mentres que nas liñas fundamentais exclusivamente aplicouse unha subida xeneralizada do 2% nos capítulo 1 e 3.
3. Esa diferenza o alza en materia de ingresos se repercute nunha subida dos gastos correntes en bens e servizos así como en transferencias correntes por importe de **292.417,87€**, e o importe restante (1.363.482,67€), nun aumento dos investimentos e transferencias de capital que nas liñas fundamentais se asumían integramente con recursos propios nunha contía mínima de **145.017,33€**.

#### CONCLUSIÓNS:

1.- Os orzamentos municipais consolidados do Concello de Vilagarcía de Arousa para o exercicio 2018 ascenden á contía de **27.340.678,10 €** en ingresos, e **27.340.678,10€** en gastos, presentándose equilibrados.

Respéctanse os principios de equilibrio, regra do gasto e suficiencia financeira, se presenta un orzamento que supera ao do 2017 nun **1,37%**, cun capítulo 6 de gastos que volve a ter protagonismo no conxunto do orzamento financiado nun **83,70%** cunha nova operación de endebedamento que lle confire ao presente proxecto unha potencial inestabilidade altamente dependente do grao de execución do capítulo 6 no senso de que de superarse a media de inexecución tida en conta poderá comprometerse a consecución dos obxectivos, o que deberá ser obxecto seguimento a través dos informes trimestrais.

Nesta liña, debe advertirse por esta Intervención que acudir a unha nova operación de endebedamento resulta ineficaz dende un punto de vista técnico incumprindo con elo un dos principios esenciais da LO 2/2012, xa que os remanentes de crédito de incorporación obrigatoria do exercicio 2017 ao exercicio 2018 por investimentos ascenden a **4.257.772,02€**, e a porcentaxe media de execución do capítulo 6 debido os medios materiais e persoais dos que se dispón non supera o **30%**, polo que á vista da data de presentación de aprobación do presente orzamento o previsible e que esta nova operación non alcance unha porcentaxe de execución superior ao **22,5%**, polo que estaremos aumentando o endebedamento e polo tanto o gasto por carga financeira de xeito ineficaz.



2.- Dende o exercicio 2012, trátase do primeiro orzamento confeccionado sen ter que axustarse ás previsións dun Plan de Axuste e que polo tanto recolle as liñas fundamentais previstas para o exercicio 2018 con variacións xustificadas exclusivamente en cambios nas políticas de xestión, sen ningunha restrición máis que as derivadas da normativa xeral vixente e garantindo de entrada a realización dos obxectivos fiscais da LOEOSF 2/2012.

3.- No que se refire á Estabilidade Orzamentaria en termos SEC, dunha simple análise das operacións non financeiras (Capítulos 1 a 7 de ingresos- Capítulos 1 a 7 de gastos),ponse claramente de manifesto que este Proxecto de Orzamento cumpriría estritamente co principio de estabilidade orzamentaria, producíndose o superávit dos ingresos con respecto aos gastos. Remítome ao informe de Intervención **INT/2018/40-2** onde se analiza con maior detalle a estabilidade, o cumprimento da regra do gasto e o teito de gasto non financeiro.

4.- Destacar que se trata dun orzamento no que desaparecen totalmente as medidas de redución de gasto e no que non se acometen subidas fiscais nin actualizacións, todo o contrario, acométense rebaixas significativas nun dos tributos mais estruturais da facenda municipal como é o IBI, regúlanse novas bonificacións, volvendo a sustentar significativamente a nosa sostibilidade financeira en ingresos directamente vinculados a posición cíclica da economía así como a labores de inspección, concretamente nun **8,46%**, polo que calquera nova recesión económica terá efectos directos negativos nos créditos financiados con cargo aos mesmos.

Lembrar que as liñas iniciadas con plan de Saneamento económico financeiro e reafirmadas có extinto Plan de Axuste respondían non só a meras previsións aritméticas, se non que se sustentaban en políticas de eficacia e eficiencia do gasto público, como por exemplo reducir a representatividade do capítulo 1 de gastos, fomentar as licitacións, así como a consecución dunha facenda municipal forte e saneada baseada en taxas e prezos públicos actualizados.

5.- Finalmente, dado que o exercicio 2017 que foi tomado como referencia para a confección do orzamento 2018, inda non foi pechado, considérase apropiado por esta Intervención, que se a vista dos resultados da liquidación cambia o escenario económico-financeiro do Concello, se adopten as oportunas medidas de retención crediticia no capítulo 6 tendentes a evitar os mesmos resultados na liquidación do orzamento 2018, consolidando o préstamo finalmente polo importe de gasto executable dentro do obxectivo de estabilidade.

A Interventora,

Asdo: Trinidad Gómez Reiriz